

Concha Blanco (Lires, Cee. 1950) é, sen dúvida, unha das autoras máis importantes e produtivas da literatura infantil en Galicia, nomeadamente do xénero narrativo, xa que entre as súas obras atopamos arredor de trinta títulos que nos achegaron, entre outras cousas, infinidade de aventuras e personaxes tan entrañables e coñecidos como Boris ou Berta.

Agora, case trinta anos despois da publicación da súa primeira obra narrativa para o público máis novo, *O Planeta ceboleiro*, deíxanos outra historia de aventuras protagonizada por un máis que estraño ser ambientada en lugares da costa da Morte como Fisterre, Cee e as illas Lobeira.

Aitema é o nome dese ser, un nome que amalgama os diferentes medios aos que é quen de adaptarse o bicho-aire, terra e mar-e nos que vivirá as súas aventuras. Unha curandeira, personaxe tan típico da cultura galega, é quen lle

dá esa forma de non peixe, nin ave, nin persoa dotado de poderes que o caracteriza, para que despois se-xa bautiza-

do por unha serea e grazas a esa forza sobrenatural que posúe poida concederlle os desexos máis fortes aos seres que atopa polo camiño. Nesta viaxe descobre

que descoñece a súa orixe, non sabe de onde vén nin de que ou quen vén. Polo que o seu principal obxectivo pasa a se converter en dar resposta a esas cuestións. É a partir deste punto cando a historia, ata agora chea de tópicos, consegue fixar o interese de quen le en algo concreto, que se resolve moi ben nun desenlace que

amosa a madurez do protagonista, acadada

Mestría e experiencia

Maxia na Costa da Morte

PAULA FERNÁNDEZ

grazas ás experiencias vividas nese tempo.

Entón se o comezo resulta máis ben pobre, é certo que a historia gaña segundo o argumento vai avanzando. O ritmo e a importancia de personaxes como a curandeira ou a serea son os que inciden nesa captación do interese e no noso cambio de actitude de cara á lectura, unha lectura onde os acontecementos se suceden de maneira lineal e na que apreciamos a mestría e a experiencia da autora á hora de empregar a linguaxe e os recursos que esta proporciona para a narración.

A historia vén acompañada das ilustracións de Ana Santiso das que é inevitable salientar a escolla das cores, unicamente tres, verde, branco e negro, coas que consegue plasmar as situacións máis importantes, sen botarmos en falta detalles por causa da limitación cromática.

Escrito para nenos e nenas de oito ou máis anos, conseguirá facerlles pasar un bo momento.

BLANCO, Concha, Os poderes máxicos de Aitema, Ed. Galaxia, Vigo, 2010, PVP 12 €

